

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE HISTORIA DO 10 DE MAIO DE 2019

Lista de asistentes

Presidenta, decana e coordinadora de calidade

Reboreda Morillo, Susana

Secretaria e representante do PAS

Cadilla Lomba, Josefina T.

Coordinadora de Grao

Vaquero Díaz, Beatriz

Coordinador do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Pérez Losada, Fermín

Coordinadora do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade

Comendador Rey, Beatriz

PDI

Barriocanal López, Yolanda

Presedo Garazo, Antonio (colaborador de calidade)

Estudantes

Souto Castro, Iria

Membros da sociedade

Díaz Naya, Rosa M^a

Eguileta Franco, José María

Desculpan ausencia

PDI

López Díaz, Marta

Membros da sociedade

Garrido Labrador, Begoña

Na sala de profesorado da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Comisión de Calidade que figuran ao marxe, o 10 de maio de 2019, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 14 de marzo de 2019.

2.- Informe da presidenta.

3.- Validación, se procede da Modificación do título de Mestrado Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo).

4.- Validación, se procede, do Plan de Promoción das Titulacións do curso 2019/2020 e do informe dese mesmo plan do curso 2018/2019.

5.- Validación, se procede, do Plan de actuación dos servizos permanentes do centro correspondente ao curso 2018/2019.

6.- Validación, se procede, do Informe de Xestión dos Servizos Contratados, do curso 2018/2019.

7.- Validación, se procede do Plan Operativo de Información Pública e Rendemento de Contas.

8.- Rolda de intervencións.

A decana pasa a dar lectura aos nomes dos membros da Comisión de Calidade que xustifican a súa ausencia á sesión, e que se relaciona á marxe desta acta

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 14 de marzo de 2019.

Apróbase por asentimento.

2.- Informe da presidenta.

Comeza a sesión informando da situación na que se atopa a contratación de profesorado para o centro despois do correo electrónico recibido polo director do departamento de Historia, Arte e Xeografía, desde a Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado en relación coa proposta de POD para o curso 2019/2020. Trátase dun asunto que se vai tratar na vindeira xunta de facultade a celebrar o día 14 de maio e que obrigará a modificacións no POD que se remitiu no seu día desde o departamento. A decana manifesta os seu desánimo ante unha realidade que considera preocupante e que parece que se perpetúa, como é a escasez de profesorado con vinculación permanente. Opina que é difícil manter un Centro nestas condicións e que os esforzos de toda a facultade pola súa visibilización e mellora, non parece que teñan contrapartida na política de reposición de persoal docente e investigador que se está levando a cabo desde a Reitoría, na que o único que computa parecen ser as necesidades docentes.

Dentro da campaña de promoción do centro, o día 24 de maio celebraranse as *II Olimpíadas Galegas de Historia*, na que participarán 30 centros de Galicia. Explica as bases da convocatoria, os organismos colaboradores, como se desenvolverá a actividade e os agasallos e premios que recibirán as persoas participantes. Toda a información está colgada na páxina web da facultade. O día das Olimpíadas asistirá o Reitor e a Vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria. Anima a todo o profesorado a que estea presente ese día.

Convocáronse dous premios nos que colabora e participa a Facultade de Historia *O Premio Xesús Taboada Chivite*, dotado con 6000 euros e o *Premio Masonería Aberta* dotado con 500 euros.

Estase adiantando no tema da publicación, en formato libro, do III Congreso Internacional da Auga, edición que este ano foi organizada pola Facultade de Historia.

Englobado na campaña de captación de alumnado creouse unha conta de Instagram da facultade. Fai un chamamento aos presentes para que se animen e sigan a *historiaovigense*.

Con todas estas campañas en marcha á decana parécelle que se está dedicando un esforzo enorme para captar alumnado e non atopa contrapartida na dotación ao centro de profesorado con vinculación permanente que poida adquirir compromisos a longo prazo coa facultade.

Hai nestes momentos unha campaña de normalización lingüística para animar á implantación de Graos no que o 80% da docencia se realice en galego. Unha vez consultado o profesorado, se ben na implantación global, si podería alcanzarse esta cifra, parece que en 1º curso non sería posible.

Informa por último de que están dispoñibles as enquisas de satisfacción do profesorado e as do alumnado de 3º na Secretaría virtual.

3.- Validación, se procede da Modificación do título de Mestrado Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo).

Toma a palabra a profesora Beatriz Comendador, coordinadora da Universidade de Vigo para o citado mestrado. Comeza explicando a problemática que existe dada a diferenza de prazos para entregar o documento coa proposta de modificación da memoria nas distintas universidades galegas. A remodelación en principio era sinxela porque consistía unicamente en incorporar á Universidade da Coruña, pero a final incorpóranse outros cambios nas materias porque deixa de impartir docencia gran parte do profesorado do CSIC. A estrutura global queda máis ou menos igual, agás as prácticas que serán obrigatorias. Incorpórase profesorado da Universidade de León, por expreso desexo deles. Quedan pendentes algúns aspectos como por exemplo, incluír información sobre o tema da mobilidade na Universidade de Vigo, pídelle neste punto axuda á decana para complementar a información.

Para Beatriz Comendador o máis importante nesta memoria é o papel das comisións académicas no mestrado. Ao coordinarse desde a Universidade de Santiago de Compostela, parece que as comisións das universidades de Vigo e da Coruña actúan como convidadas. A comisión académica é o órgano máis importante nas decisións que se toman sobre o título. Beatriz Comendador, propón que apareza de xeito máis evidente a existencia de comisións por parte das universidades participantes, aínda que non teñan competencias de forma plena. Procede a dar lectura ás competencias que corresponden aos coordinadores das Universidades de Vigo e da Coruña. Incide no feito de que é moi importante indicar na memoria as funcións que teñen os coordinadores das comisións das outras universidades porque son moitas e moi importantes. Recalca a relevancia de velar e potenciar o papel da comisión académica interuniversitaria.

Outro problema detectado sons os diferentes prazos de matrícula das universidades de Galicia é o diferente trato no que a servizos dos que pode desfrutar e recibir o alumnado que se matricula pola USC, que por exemplo pode facer uso da wifi do campus, da biblioteca, algo que o alumnado que se matricula pola UVigo non pode dispor dun xeito sinxelo, directo e rápido.

Houbo tamén un punto no que houbo especial desacordo, que é un punto de vista formal pero que non por iso é un punto menor. Explica que a memoria precisa

dunha redacción inclusiva de xénero. O coordinador da USC considera que hai que aterse á normativa da RAE. Beatriz Comendador considera que se debería rexer polas recomendacións normativas das unidades de igualdade das universidades participantes. A UDC non se pronuncia ao respecto.

Beatriz Comendador explica que non poderá asistir á vindeira reunión da comisión académica pero desexa que quede constancia da necesidade de uso dunha linguaxe inclusiva na redacción da memoria. Susana Reboreda, argumenta tamén que debería estar en galego. Este último aspecto consultarase na Área de Calidade.

Conclúese que estas consideracións relativas á linguaxe levaranse á vindeira xunta de facultade para que se pronuncie ao respecto. O acordo remitirase á USC para a súa toma en consideración.

Yolanda Barriocanal explica que botou en falta na páxina 7 na que hai unha recopilación de leis sobre o Patrimonio que non apareza a lei 5/2016 de Galicia.

Valídase a memoria por asentimento e levarase a proposta da coordinadora do mestrado á vindeira Xunta de Facultade.

4.- Validación, se procede, do Plan de Promoción das Titulacións do curso 2019/2020 e do informe dese mesmo plan do curso 2018/2019.

Dentro do plan de promoción inclúense as II Olimpíadas Galegas de Historia e o Programa Tendendo Pontes no que colabora a profesora Beatriz Nieto Outomuro, antiga alumna da facultade. Dentro do citado programa Susana Reboreda recibiu ao curso de 1º da ESO do Colexio Padre Feijoo-Zorelle no campus e a continuación impartiu unha clase ao alumnado sobre a muller na antiga Grecia que lle pareceu moi enriquecedora, destacando que era un alumnado multirracial, multicultural, moi activo e receptivo. No vindeiro mes virán ao campus a expor uns traballos que eles farán sobre o tema e asistirán a unha clase específica impartida polo profesor de Historia Contemporánea Julio Prada.

Xunto coa proposta do vindeiro curso, inclúese un informe dos resultados que este documento alcanzou no curso pasado por ser unha recomendación da Área de Calidade.

Haberá en xuño no campus unha Xornada de Portas Abertas, dentro das actividades previstas haberá unha charla informativa, ensinaranse os laboratorios docentes e as instalacións do centro.

En relación as accións encargadas á empresa NASAS, este ano diminuíronse motivadas pola redución dos orzamentos na facultade e porque son accións en xeral dun alto custe económico. Destaca que está sendo un rotundo éxito as actividades

divulgativas realizadas por Xeitura nos centros educativos de secundaria, especialmente na provincia de Pontevedra.

Intervén o representante da sociedade José María Eguileta para opinar que el como profesor dentro do Programa de Maiores considera que moitos dos alumnos e moitas das alumnas darían un salto para realizar o Grao en Xeografía e Historia. Recomenda dentro desa campaña de captación que se lles faga unha visita. A decana opina que é unha excelente idea e que se lles pode ofertar a semipresencialidade para que poidan acadar un título de carácter oficial. Valídase por asentimento.

5.- Validación, se procede, do Plan de actuación dos servizos permanentes do centro correspondente ao curso 2018/2019.

O plan de actuación foi remitido pola administradora de campus.

Valídase por asentimento.

6.- Validación, se procede, do Informe de Xestión dos Servizos Contratados, do curso 2018/2019.

O informe foi tamén remitido pola administradora de campus. Volve intervir José María Eguileta para explicar que o edificio onde se ubica a facultade é unha construción na que hai que protexer a fachada por tratarse dun edificio catalogado, por iso non calquera empresa poder facer a limpeza da fachada. Trasladarase este aspecto á administradora, unha vez consultado o Arquitecto da Comisión de Patrimonio, para a súa toma en consideración.

Valídase por asentimento.

7.- Validación, se procede do Plan Operativo de Información Pública e Rendemento de Contas.

Valídase por asentimento.

8.- Rolda de intervencións.

A decana propón como asunto no que se debería entrar a debater e tomar unha decisión en futuras reunións a necesidade de sacar os partes de sinaturas das aulas porque levan moito tempo de traballo desde o Decanato e cree que non son útiles porque a norma xeral é que o profesorado do centro cumpre coas súas obrigas docentes. Propón a posibilidade de que se siga o sistema de titorías, é dicir instar un protocolo para que a delegación avise ao decanato no caso de incumprimento.



Habería que ver si está en algún regulamento a obrigatoriedade de levar un parte de sinaturas.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.00 h do día 10 de maio de 2019, da que eu como secretaria dou fe, co visto e praxe da decana.

A decana

A secretaria

Asinado dixitalmente

Asinado dixitalmente

Susana Reboreda Morillo

Josefina Cadilla Lomba